

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO E A ASOCIACIÓN DE ESCRITORES EN LINGUA GALEGA PARA ACTUACIÓNS EN MATERIA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

En Santiago de Compostela, 7 de maio de 2019

REUNIDOS

Don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura e Turismo, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 97/2018, do 26 de setembro e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 163/2018, do 13 de decembro, publicado no DOG número 243, do 21 de decembro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo.

Don Cesáreo Sánchez Iglesias, con DNI 35810128, presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, con CIF G15039936, e domiciliado na avenida Alfonso Molina, edificio de sindicatos, 8.º andar da Coruña, que actúa en nome e representación desta entidade segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

EXPOÑEN

- . Que de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística a responsabilidade de levar a cabo as medidas necesarias para acadar a normalización plena da lingua galega correspóndelle ao Goberno galego, que deberá garantir o seu uso como lingua cooficial e adoptar as medidas oportunas para o seu fomento.
- . Que no ámbito da Administración Autonómica de Galicia, a Consellería de Cultura e Turismo é o departamento que ten atribuídas, entre outras, as competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega. Que para este efecto, para poder actuar en todos os ámbitos sociais debe colaborar na medida do posible

coas diversas institucións e entidades que operan dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

- . Que a Asociación de Escritores/as de Lingua Galega (en adiante a AELG) é unha entidade sen ánimo de lucro, que representa a un importante colectivo no ámbito cultural galego xa que está integrada por mais de 400 escritores e escritoras en lingua galega. Entre os seus fins figuran os de promover a lingua e literatura galegas, así como a difusión e proxección da lingua e da literatura propias de Galicia.
- . Que ambas as dúas partes son conscientes de que as institucións e entidades galegas teñen que colaborar na implantación do Plan xeral de normalización da lingua galega (en adiante PNL) que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de conseguir estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, colaborar no desenvolvemento e implantación do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 4 de agosto de 2016, que responde á necesidade de poñer en práctica medidas para o fomento do uso do idioma galego nos diferentes eidos sociais e económicos de Galicia, establecendo unha dinámica de participación con entidades asociativas para apoialas e promover actividades que faciliten o emprego do galego no seu funcionamento ordinario e nas súas actuacións.
- . Que así mesmo, as partes queren colaborar no Plan de dinamización da lingua galega na mocidade -na actualidade en fase de desenvolvemento-, co que se pretende mostrar á xente nova a utilidade de coñecer o galego e potenciar así o seu uso neste colectivo, para o cal o citado plan incluírá medidas conducentes a incrementar a súa presenza nos espazos nos que se move a mocidade, así como a oferta de actividades e produtos en galego en áreas como o deporte, o asociacionismo, o lecer, a cultura, o ensino, a tecnoloxía ou o emprego.
- . Que AELG presenta na Secretaría Xeral de Política Lingüística un proxecto que consiste en difundir e promover as obras dos escritores e escritoras en lingua galega, e achegar as súas obras a todos os colectivos sociais de Galicia e do exterior.

- . Que a Consellería de Cultura e Turismo e a AELG son conscientes da importancia do cumprimento do establecido sobre normalización lingüística e da responsabilidade que nesta materia teñen todas as entidades e institucións galegas na consecución dun interese e un obxectivo común que é o de promover e fomentar o uso da lingua e a literatura galegas. Nesta liña, dende hai anos, as dúas entidades colaboran mediante a sinatura de convenios de colaboración e manifestan a súa vontade de manter esta colaboración durante o ano 2019.
- . Que a finalidade da AELG é revitalizar e promocionar as obras literarias escritas en lingua galega e aos seus autores poñendo a información sobre a súa vida e obra a disposición de todas as persoas interesadas nela a través do seu Centro de Documentación. Esta asociación é o órgano máximo de representación dos escritores galegos, e figura entre os seus obxectivos defender, promover e difundir a lingua e a literatura galegas tanto na propia comunidade como no exterior, e en Galicia é a única destas características, polo que non resulta posible promover a concorrência para levar a cabo as actividades previstas no convenio.

Por este motivo, ambas as dúas entidades asinan este convenio de colaboración de acordo coas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer las bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e a Asociación de Escritores/as en Lingua Galega para achegar as obras dos escritores e escritoras en lingua galega a todos os colectivos sociais de Galicia e do exterior.

As partes colaborarán na realización dunha serie de actividades para difundir e promover as obras escritas en galego e aos autores que escriben en galego, en aras de conseguir que a lingua galega acade unha etapa de máximo esplendor literario e o prestixio que lle corresponde.

Segunda.- Obrigas da Asociación de Escritores/as en Lingua Galega

- Mediante a sinatura deste convenio a AELG, comprométese a realizar en lingua galega as seguintes actuacións:
- V Ciclo de Literatura Infantil e Xuvenil. Ciclo de conferencias na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Vigo no campus de Ourense.
- XVI curso de formación continua “As literaturas infantís e xuvenís ibéricas. A súa influencia na formación lectora”. Seminario destinado a pór en valor a obra literaria dos escritores e as escritoras en lingua galega clásicos e contemporáneos.
- II Xornadas de literatura infantil e xuvenil e animación á lectura na Facultade de CC da Educación da UDC
- Colaboración nas Xornadas LIX Escola Universitaria CEU de Maxisterio de Vigo
- Colaboración cos Centros de Estudos Galegos. Visita de escritores/as
- Supervisión dos contidos achegados por socios/as a través da ferramenta de actualización de contidos “Espazo privado de Socios/as”. Dixitalización e/ou subida ao Centro de Documentación doutro tipo de documentación achegada.
- Gravación dunha sesión de entrevistas en vídeo e fotografías para o Centro de Documentación de Escritores/as da web da AELG.

Terceira.- Asesoramento lingüístico

A Consellería de Cultura e Turismo a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística comprométese a facilitarlle, cando sexa preciso, á AELG o apoio e asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades deste convenio.

Cuarta.- Financiamento

O custo total das actividades previstas no convenio ascende a un total de **7.668,28 €**, importe que será sufragado coa seguintes achegas:

- . A Consellería de Cultura e Turismo a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística colaborará na realización das actuacións previstas na estipulación segunda cunha achega de **7.000,00 €**, cantidade na que se inclúen todos os

impostos con cargo á partida orzamentaria 11.40.151A.640.6 correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.

. A AELG colaborará coa cantidade restante de **668,28 €**.

Ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

Ambas as dúas partes convenientes, compartirán a titularidade dos estudos, publicacións e demais materiais que se realicen ao abeiro deste convenio.

O uso e a difusión sobre os ditos estudos, publicacións e demais materiais terá carácter gratuíto para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.

Quinta.- Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentarse electronicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>. Código de procedemento PR004A

A achega da consellería destinarase a satisfacer os gastos necesarios para o desenvolvemento das actividades que se reflicten na estipulación segunda deste convenio que teñen como finalidade abrir unha vía que posibilite o intercambio cultural non só a nivel europeo, senón para xentes de toda as partes do mundo especialmente para os lectorados e universidades de fóra, e tamén, dar a coñecer e impulsar a nova xeración de escritores contemporáneos en galego nos distintos xéneros literarios.

Para percibir a cantidade que achega, a AELG presentará electronicamente, coa data límite do 30 de novembro de 2019, a seguinte documentación:

- Certificación da execución das actividades do convenio, xunto coa que se achegará xustificación dos gastos que orixine a súa execución. Os gastos xustificaranse coas correspondentes facturas.
- Un informe de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.

- No caso de que se publiquen traballos entregárase nesta Secretaría Xeral un exemplar para control das actividades que se prevén no convenio.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Consellería de Cultura e Turismo diminuírase proporcionalmente

A entidade procurará utilizar o galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura e Turismo.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para o pagamento deberá presentar:

- . Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- . Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- . Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

A AELG de facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Consellería de Cultura e Turismo, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións fiscalización e control.

Sexta.- Utilización da lingua galega

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberán levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

O incumprimento desta estipulación, será considerada causa específica de resolución deste convenio.

Sétima.- Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Oitava.- Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, calquera das dúas partes comprométense a facer mención da outra parte e deste convenio.

Novena.- Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2019. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestimento dalgunha ou por denuncia do mesmo por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación.

Décima.- Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha Comisión de Seguimento composta por dous representantes de Política Lingüística nomeados polo seu titular e dous representantes do AELG. Esta comisión, que estará presidida por un dos representantes de Política Lingüística, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas puidesen xurdir na súa execución, e poderá estar asistida polos técnicos necesarios.

Décimo primeira.- Causas de resolución

Este convenio resolverase:

- . Por incumprimento total ou parcial dalgún dos seus puntos.
- . Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actuacións acordadas.

De se denunciar o convenio, a Consellería de Cultura e Turismo pode, se é o caso, esixir a devolución da cantidade achegada.

Décimo segunda.- Responsabilidade das actuacións

O asinamento deste convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo terceira.- Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura e Turismo a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística avaliará a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

Décimo cuarta.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica).

Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo quinta.- Protección de datos de carácter persoal

1. As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais.
2. Para o cumprimento da finalidade deste convenio, cada unha das partes declara e garante que, con anterioridade á subministración á outra parte de datos persoais de calquera persoa física involucrada na sinatura deste convenio ou no seu desenvolvemento, informará as persoas interesadas de forma lícita, leal e transparente das garantías sobre política de protección de datos persoais incluída no presente documento, e tamén doutros requisitos que puidesen ser de aplicación para a correcta cesión dos seus datos persoais á outra parte. Para tales efectos, as páxinas webs das partes asinantes deste convenio <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos> e <https://www.aelg.gal> conteñen información relativa ao tratamento dos datos persoais e o modo en que poden exercer os seus dereitos, o contacto cos delegados ou delegadas de protección de datos e demais aspectos esixidos pola normativa vixente no que se refire aos dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, así como aos dereitos de transparencia da información, de supresión, limitación, portabilidade ou reclamación.
3. Os datos persoais conservaranse durante o tempo necesario para o cumprimento da finalidade obxecto deste convenio e, con posterioridade ao remate da súa vixencia, polo tempo de prescrición das accións legais correspondentes para a tutela do dereito á protección de datos persoais. Os datos destruíranse logo de que transcorra o referido prazo de prescrición.
4. As partes non lles cederán a terceiros os datos persoais tratados ao abeiro deste convenio, agás aqueles que sexan estritamente necesarios para publicar a identidade da persoa nas páxinas web, nos taboleiros de anuncios, nas redes sociais ou nos medios de comunicación que ambas as dúas partes asinantes determinen.
5. Os representantes das partes asinantes e demais titulares dos datos tratados ao abeiro deste convenio poderán exercer os seus dereitos de acceso, oposición, rectificación, supresión e limitación mediante o envío dunha petición razoada dirixida á sede da

Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura e Turismo en Santiago de Compostela (Edificio Administrativo de San Caetano, s/n), ou no seu enderezo electrónico sxt.cultura.turismo@xunta.gal e, á sede da Asociación de Escritores en Lingua Galega Avenida de Alfonso Molina, s/n. Edificio de Sindicatos, 8º, 15008 A Coruña ou no seu correo electrónico oficina@aelg.org. Así mesmo, as persoas interesadas que consideren lesionado o seu dereito á protección de datos poderán presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.agpd.es).

Décimo sexta.- Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 9-11-17) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

Ao estaren as dúas partes conformes co estipulado, asinan este convenio.

O conselleiro de Cultura e Turismo

O presidente da Asociación de

Escritores en Lingua Galega

Román Rodríguez González

Cesáreo Sánchez Iglesias

